



REGULAMENTO PARTICULAR



CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA
DE RALLYES 2022

PROBA: 10º RALLYE OURENSE-RIBEIRA SACRA "2º
MEMORIAL ROBERTO SOTO"

PROVINCIA: OURENSE

DATA: 16, 17 E 18 DE SETEMBRO DE 2022



INDICE

TITULO I: PROGRAMA HORARIO

TITULO II: ORGANIZACION

Artigo 1 Organización

TITULO III: MODALIDADES XERAIS

Artigo 2 Puntuabilidade

Artigo 3 Descrición

Artigo 4 Vehículos Admitidos

Artigo 5 Concursantes Admitidos

Artigo 6 Solicitud de Inscripción. Inscripcións

Artigo 7 Dereito de Inscripción. Seguros

TITULO IV: OBLIGACIONES XERAIS

Artigo 8 Publicidade

TITULO V: DESENROLO DA PROBA

Artigo 9 Recoñecementos

Artigo 10 Hora Oficial do Rallye

Artigo 11 Penalizacións

Artigo 12 Premios

PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

ANEXO I: LICENZAS VÁLIDAS PARA A TEMPADA 2022 (ANUARIO F.G.A.)

ANEXO II: LIBRO DE RUTA (ROAD BOOK) STANDARD

ANEXO III: TERMINOLOXIA

ANEXO IV: ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES

ANEXO V: ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

ANEXO VI: ITINERARIO - HORARIO

ANEXO VII: PARQUES DE CUSTODIA, E DE TRABAJO

ANEXO VIII: CARAVANA RALLYES

ANEXO IX: OUVREURS

ANEXO X: PODIO DE SAÍDA

ANEXO XI: SISTEMA GPS

ANEXO XII: SUPER ESPECIAL TCS

ANEXO XIII: SHAKEDOWN

ANEXO XIV: DECLARACIÓN DE PNEUMÁTICOS



I PROGRAMA HORARIO

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR
11/08/2022	10:00	Apertura de inscricións (pilotos inscritos Campionato)	ESCUDERÍA LUINTRA
12/08/2022	10:00	Apertura de inscricións (resto de pilotos).	E- mail: rallyeourenseribeirasacra@gmail.com
05/09/2022	20:00	Peche de inscricións	Telf:690669059
07/09/2022	18:00	Publicación lista de inscritos	WWW.FGA.ES
09/09/2022			OFICINA DE TURISMO
10/09/2022	08:00 a 10:30	Distribución do libro de ruta.Entrega de documentación	PLAZA DE LUINTRA
11/09/2022			
09/09/2022			
10/09/2022	08:00 a 22:00	Recoñecementos dos Treitos Cronometrados	TREITOS CRONOMETRADOS
11/09/2022			
VENRES 16/09/2022	09:30 a 10:30 10:31 a 11:30 11:31 a 12:30 12:31 a 13:30	Verificacións Administrativas: Nº 01 A Nº 38 Nº 39 A Nº 76 Nº 77 A Nº 115 Nº 116 A Nº 150	POLIDEPORTIVO MUNICIPAL (Zona Piscinas)
VENRES 16/09/2022	10:30 a 11:30 11:31 a 12:30 12:31 a 13:30 13:31 a 14:30	Verificacións Técnicas: Nº 01 A Nº 38 Nº 39 A Nº 76 Nº 77 A Nº 115 Nº 116 A Nº 150	POLIDEPORTIVO MUNICIPAL (Zona Piscinas)
	16:00	Hora límite presentación vehículos no parque de traballo	Polígono Industrial Luíntra
	16:30	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída	www.temposfga.es
	18:00	Saída 1º participante 1ª sección	Praza Maior de Luíntra
	19:53	Chegada 1º participante 1ª sección	
	08:00	Saída 1º participante 2ª sección	
	09:41	Chegada 1º participante 2ª sección	
	10:16	Saída 1º participante 3ª sección	
	13:12	Chegada 1º participante 3ª sección	
	14:12	Saída 1º participante 4ª sección	
	17:30	Chegada 1º participante 4ª sección	
	18:05	Saída 1º participante 5ª sección	
	20:36	Chegada 1º participante 5ª sección FIN RALLYE	Polígono Industrial Luíntra
	20:45	Verificacións Técnicas Finais de Oficio	TALLERES LEITES
	22:00	Publicación Clasificación Final Oficiosa	www.temposfga.es
	22:30	Publicación Clasificación Final Oficial	
	22:45	Reparto de premios e trofeos	Praza Maior de Luíntra

Nota: Levantamento vehículos parque de custodia-parque de traballo (unificados ou individuais):
Unha vez publicada a clasificación FINAL OFICIAL, autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos sen ter que esperar ás entregas de premios.

Hora límite de entrada a Parque de Asistencia: **Horas: 16:00 do día 16/09/2022**

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS

Dende o día 6 de Agosto ás 10:00 horas, ata o día 16 de Outubro ás 11:30 horas estará situado na Escudería Luíntra e na web: www.fga.es, sita en:

ESCUDERÍA LUINTRA
Carretera de Esgos Nº20
32160 Nogueira de Ramuín
Teléfono: **690669059**
e-mail: rallyeourenseribeirasacra@gmail.com



Dende o día 16 de setembro ás 08:00 horas, ata as 23:59 horas do día 17 de setembro, na Oficina Permanente do Rallye, sita en Local Social Concello Nogueira de Ramuín e no parque de custodia-traballo, no polígono industrial de Luintra.

II ORGANIZACIÓN

Artigo 1 Organización

Artigo 1.1- Definición

A **ESCUDERÍA LUINTRA** organiza o **10º RALLYE OURENSE RIBEIRA SACRA "2 MEMORIAL ROBERTO SOTO"**, que se desenvolverá dende o día 16 ó día 18 de Setembro do ano **2022**.

Este Rallye disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2022, as prescricións comúns para rallyes, o Regulamento Xeral, e o presente Regulamento Particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 20-07-2022.

A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA – 032 - RA, con coeficiente (7)**.

Artigo 1.2 Comité de Organización

PRESIDENTE D. ISMAEL IGLESIAS SEARA

VOCAIS D. ROBERTO PATO DONÍS
D. CARLOS IGLESIAS SEARA
D. MANUEL FERNANDEZ BLANCO
D. DAVID RODRIGUEZ ANDRÉ

SECRETARIO D. CARLOS RODRIGUEZ RIVAS

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

ESCUDERÍA LUINTRA

Rúa: CTRA DE ESGOS Nº20

C.P.: 32160 Municipio: NOGUEIRA DE RAMUÍN Provincia: OURENSE

Teléfonos: **690669059**

E-mail: rallyeourenseribeirasacra@gmail.com

Artigo 1.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. ISMAEL IGLESIAS SEARA

DC1-1066-GA-AUT

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. FCO. J. Riaño Lueiro
D. Victoriano Gonzalez Boullosa
D. Alvaro Vila Davila

DC1ª-0019-GA.AUT
DC1-0017-GA-AUT
CD-0421-GA-AUT

Observador da F.G. de A.:

D. Santiago González Boullosa

OBS-0018-GA.AUT

Delegado de Seguridade da F.G. de A.:

D. Diego Besada González

DC1ª-0042-GA-EST

**Director da Carreira-Oficina:**

D. Alejandro Fraga Paradela

DC1-0666-GA-EST

Comisarios Técnicos da F.G.A. Para control xeral e das Fórmulas de Promoción:

Presidente: D. Víctor Varela Tome

JOC1ª-0059-GA-AUT

Vocal: Dª. María Cal Martínez

JOC1ª-0060-GA-AUT

Comisarios Técnicos da Escudería Verificacións Xerais:

Vocal: D. Manuel Montoto Orrea

DC1ª-0027-GA-AUT

Vocal: D. Antonio Marcial Rguez Caeiro

DC1ª-0024-GA-AUT

Xefes de treito:

Equipo A D. Luis Reverter Gil

JDA-1206-GA-EST

Equipo B D. Javier Cofan Sabas

JDA-1205-GA-EST

Xefes de Seguridade Vial Treitos:

Equipo A D. Manuel Fernandez Blanco

OD-1230-GA-EST

Equipo B D. Fco. Javier García Álvarez

JDA-1207-GA-EST

Responsable Equipos Cronometraxe:

D. ISMAEL IGLESIAS SEARA

DC1-1066-GA-AUT

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. CARLOS IGLESIAS SEARA

DC1-1065-GA-AUT

Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):

Verde D. ISMAEL IGLESIAS SEARA

DC1-1066-GA-AUT

Vehículo "00" (ESCOBA):

Vermello D. ALVARO VILA RODRIGUEZ

DC1-1064-GA-AUT

Servizo Informático e publicación de tempos: GMHP (ATODOMOTOR.COM)

D. German Morales Hernández

CD- 81-FCA

D. José A. Penedo Marnotes

JOB- 0008 -GA-AUT

Servizo de Ambulancias: AMBULANCIAS BANDE**Servizos Médicos:** Team Medical Galicia**Centros Asistenciais:** CHUO, COSAGA e CENTRO MEDICO EL CARMEN, e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz.**Servizo de Guindastres: J.VARELA**

Nota: En cumprimento da normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO numerado e datado, alomenos sete días antes da celebración da proba, apercibindo da perda do coeficiente polo seu incumprimento. O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo.

O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza CD1ª, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.



III MODALIDADES XERAIS

Artigo 2 - Puntuabilidade

O 10º RALLYE OURENSE RIBEIRA SACRA é puntuable para os seguintes Campionatos e Copas:

- Campionato de Galicia de Rallyes sobre asfalto (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- Copa de Galicia de Rallyes para pilotos (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- Copa de Galicia de Rallyes para copilotos (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 1.
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 2.
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 3.
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 4.
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 5.
- Copa de Galicia de Rallyes para Escudarías. (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- Copa de Galicia de Rallyes para marcas de pneumáticos. (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- 3º Supercampionato R5 AD Grupo Regueira
- 13º Copa Top Ten Pirelli-Driver-Autia
- 17º Volante FGA – 6ª Promoción Xoven Piloto de Galicia (Beca PXP23)
- 13º Copa Pirelli AMF Motorsport
- 1ª Gara N5 Pirelli

E as que designe a F.G. de A.

Artigo 3 Descrición

O 10º RALLYE OURENSE RIBEIRA SACRA, consta dun percorrido total de 316,70 **quilómetros**, dos cales 89,80 **quilómetros** corresponden a 9 Treitos Cronometrados por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico.

Está dividido en **2 Etapas** e **5 Seccións**.

O Itinerario-Horario figura no Anexo VI do presente Regulamento.

No Carné de Control e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, Etapas e Seccións, así como os Controis Horarios, Recorridos alternativos, e Reagrupamentos.

O Rallye terá 3 Parques de Traballo, ademais do Parque de Traballo da noite do venres ó sábado.

Artigo 4 Vehículos Admitidos

En tódolos rallyes puntuables para o Campionato e Copas de Galicia 2022 serán admitidos os vehículos seguintes:

- Vehículos Grupo A ata 1600 c.c. de acordo ó artigo 255 do Anexo J da FIA.
- Vehículos Grupo A de acordo co artigo 255 e 255A (WRC 1.6) do Anexo J da FIA.
- Vehículos Grupo N de acordo co artigo 254 do Anexo J da FIA.
- Vehículos S-2000 de acordo co artigo 254A do Anexo J da FIA.
- Vehículos R1, R2, R3C, R3T, R3D, R4, R5, de acordo cos artigos 260, 260D e 261 do Anexo J da FIA.
- Admitiranse os vehículos do Grupo "X", "G", N5 (Maxi Rallye), e N6 (Maxi Rallye Galego).
 - Os vehículos admitidos no Grupo H serán tódolos que pertenceron ó antigo "Anexo J", do ano 1985 inclusive. Os vehículos que sexan, posteriores, pero de interese para o automobilismo galego, terán que solicitala súa inclusión á Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo. Si foran admitidos seralle expedido o "pasaporte de histórico" correspondente.

Ningún vehículo poderá participar en ningún rallye sen o "pasaporte administrativo" (X, G, H, N1, N2, N3, N5 e N6) expedido pola Federación Galega de Automobilismo.



A efectos de puntuación, os vehículos admitidos dividiránse nas seguintes **AGRUPACIÓNS**:

AGR.	GRUPO	REGULAMENTO	PESO MINIMO (Kg)	BRIDA MAX (mm)
1	WRC 2.000 cc	Art. 255 ata Anexo J FIA 2010	1230	34
	WRC 1.600 cc	Art. 255 ata Anexo J FIA 2016	1200	33
	WRC 1.600 cc // Rally 1	Art. 255A dende Anexo J FIA 2017	1190	36
	R5 (VR5) // Rally 2 (VRa2)	Art. 261 Anexo J FIA	1230	32
	Rally 2 Kit (VR4K)	Art. 260E Anexo J FIA	1230	33
	Rally 3 (Ra3) 4x4	Art. 260 Anexo J FIA	1210	30
	R4	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1300	33
	S2000 (1.6T) RRC	Art. 255A ata Anexo J FIA 2013	1200	28
	S2000 (Atmosférico)	Art. 254A ata Anexo J FIA 2013	1200	---
	A Galego	Grupo "A" FGA	1300	34
	N1	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	34
	N5	RFEDA + Grupo "G" FGA	1230	34
	N6	Grupo "G" FGA	S/ Regulamento	34
	Gr. A + 2.000 cc 2RM e 4x4	Art. 255 Anexo J FIA 2019	1230	34
	Gr. N + 2.000 cc 2RM e 4x4	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/Ficha Homolog	33
	Gr. X + 2.000 cc 2RM e 4x4	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	34
	Gr. G + 2.000 cc	Grupo "G" FGA	S/ Regulamento	34
	RGT	Art. 256 Anexo J FIA	S/ Ficha Homolog.	S/ Ficha Homolog.
	GT	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homolog.	S/ Ficha Homolog.
	Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2008	RFEDA + Grupo "G" FGA	1410	40,8
	Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2010	RFEDA + Grupo "G" FGA	1440	41,2
2	Gr. SCC	GRUPO SCC	S/Regulamento	S/Ficha.Homolog.
	Rally 4 Atmo + 1.600 / - 2.000 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	---
	Rally 4 Turbo + 1.067 / - 2.000 cc (Ra4C)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	30
	R3T	Art. 260D Anexo J FIA 2019	1080	29
	R3C	Art. 260 Anexo J FIA 2019	1080	---
	S1600	Art. 255 Anexo J FIA	1000	---
	S1600 RFEDA	Art. 255 Anexo J FIA+RFEDA	1000	---
	R2C	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1080	---
	N2	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
	Gr. N (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/Ficha Homolog	33
	Gr. A +1.601 / -2.000 cc Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr. X +1.601 / -2.000 cc Kit Car	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
	Gr. G -2.000 cc (2RM)	Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	34
	Rally 4 Atmo +1.390 / - 1.600 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	---
3	Rally 4 Turbo - 1.067 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	30
	R2B -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1030	---
	R3D	Art. 260 Anexo J FIA 2019	1150	32
	N3	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
	Gr. A -1.600 cc Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr .N +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---



4	Gr. X +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
	Históricos + 1.600 cc (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/ Regulamento	F.H. ou 34
	R1A / R1B -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA 2018	S/ Regulamento	---
	Rally 5 Atmo -1.600cc Turbo - 1.333cc (Ra5)	Art. 260 Anexo J FIA	S/ Regulamento	30
	Gr. N -1.600 cc	Art. 254 Anexo J	S/ Regulamento	---
	Gr. X-1.600 cc	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
	Históricos* -1.600 cc (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/ Regulamento	F.H. ou 34
5	Todos os Grupos -1.200 cc agás SCC	S/ procedencia	S/ Ficha Homolog.	---
	Históricos* -1.200 cc (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/ Regulamento	F.H. ou 34

* Históricos ata o ano 1985 inclusive. Grupo X a partir o ano 1986 inclusive.

* Históricos admitidos nas diferentes agrupacións baixo supervisión e aceptación por parte da Comisión Técnica da FGA.

Os Históricos teñen que poñer o coche segundo a ficha de homologación e a brida da súa época que lle corresponda, sempre que sexa solicitada á Comisión Técnica e aprobada-autorizada para os efectos de participación. de non solicitalo ou que a Comisión Técnica decida non autorizar (F. H.) terán que instalar brida de 34 milímetros para todos os efectos de verificación técnica e administrativa.

A tódolos efectos, considérase constituída unha agrupación coa saída dun só vehículo.

Artigo 5 Concursantes Admitidos

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ao disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2022 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 6 Solicitud de Inscripción Inscripcións

6.1.- Todo equipo que desexe participar no 10º RALLYE OURENSE RIBEIRA SACRA, terá que cumprimentar telemáticamente en www.fga.es o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario implicará que non se complete e polo tanto se refusa a mesma. O xustificante de ingreso bancario terá que ser enviado ó e-mail: rallyeourenseribeirasacra@gmail.com antes do peche do prazo de inscrición.

Os datos relativos ao copiloto poden ser completados ata as 20:00 do día 5 de Setembro de 2022.

6.2.- O número de inscritos fíxase nun máximo de **160** vehículos.

6.3.- Os dereitos de inscrición deberán ser satisfeitos da seguinte forma:

Na conta corrente **ES98 2080 5312 3130 4034 8284-. ABANCA**

NON SE DEVOLVERÁN OS DEREITOS DE INSCRIPCIÓN A NINGÚN PARTICIPANTE UNHA VEZ PUBLICADA A LISTA DE INSCRITOS

6.4.- Admitiranse Inscripcións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

6.5.- A orde de recepción da Solicitud de Inscripción, así como dos Dereitos de Inscripción, será determinante para a confección da Lista de Inscritos.

6.6.- O peche de inscricións realizarase, con data límite, catro días (luns) antes do principio dos adestramentos, publicándose a relación de inscritos e o orden de saída proposto polo Organizador, co visto e prace do habilitado da F.G. de A., alomenos un día antes do comezo dos adestramentos do rallye. As Listas de Inscritos serán propostas polo Comité Organizador do rallye á Federación Galega de Automobilismo. O habilitado poderá variar a lista de inscritos, proposta polo Comité Organizador da proba, si fora en contraposición ou interese do sentido participativo (potencia/cualificación) en claro prexuízo doutros equipos. Os cambios de número, ou de posición do posto de saída dos equipos participantes, prohibívese aos Colexios de Comisarios Deportivos unha vez publicada a Lista de Inscritos asinada polo habilitado da Federación Galega de Automobilismo.



**NON SE CONSIDERARÁ INSCRITO NINGÚN EQUIPO QUE INCUMPLA
TOTAL OU PARCIALMENTE O SINALADO NESTE ARTIGO 6**

Artigo 7 Dereitos de Inscripción - Seguros

7.1.- Os Dereitos de Inscripción fíxanse en:

7.1.1.- 330 € (+aluger GPS) aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización + **30 €** do aluguer do GPS obrigatorio, ascendendo a inscrición a un total de **360 €**.

7.1.2.- 660 € (+aluger GPS) NON aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

7.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos Dereitos de Inscripción.

7.3.- Os Dereitos de Inscripción comprenden o Seguro garantindo a Responsabilidade Civil fronte a terceiros, de acordo coa Regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

7.4.- Os Dereitos de Inscripción tan só serán reembolsados aos equipos cuxas inscricións sexan rexeitadas, ou no caso de que a proba non se celebrara. En ningún outro caso serán devoltos.

IV OBRIGACIÓNS XERAIS

Artigo 8 Publicidade

A publicidade proposta polo Organizador será a seguinte:

Obrigatoria: NISSAN ROFEROURENSE

Facultativa: EN COMPLEMENTO

V DESENROLO DA PROBA

Artigo 9 Recoñecementos

9.1.- Os recoñecementos OFICIAIS dos treitos efectuaranse os días **9, 10 e 11** de Setembro de **2022**, segundo o criterio que establecerá o Comité Organizador.

9.2.- Os recoñecementos quedan limitados a un máximo de **TRES** pasadas por Treito Cronometrado.

9.2.1.- A primeira infracción será penalizada con **1 minuto** ou cunha sanción económica de **300 €**, a abonar antes do inicio da Proba, a criterio exclusivo do Colexio de Comisarios Deportivos, con envío da sanción económica á F.G. de A.

9.2.2.- A segunda infracción se penalizará con **“NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA”**, ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos, co traslado ó Tribunal Galego de Apelación.

9.2.3.- Por incorrer nunha infracción nos puntos 9.2.1 e 9.2.2 será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación de Expediente Disciplinario no seu caso.

9.3.- Se unha Escudaría fai un Treito Cronometrado, na mesma Tempada, non se poderá utilizar o mesmo Treito por outra Entidade Organizadora.



9.4.- Só se poderán efectuar os Recoñecementos dos Treitos Cronometrados en 1 día por cada equipo participante, a escoller de entre os tres días designados polo Comité Organizador, e que será solicitado por Fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 160 participantes nos tres días. Así mesmo, cada equipo terá que notificar ó Comité Organizador, a marca, modelo e matrícula do vehículo que utilizará para os citados recoñecementos.

9.5.- A velocidade máxima nos Treitos a recoñecer, será en función das limitacións / sinais que existan no mesmo, e nunca será superior a 80 Quilómetros/h.

9.6.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

9.7.- O Comité Organizador designará un Comisario / Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da Proba.

9.8.- A Federación Galega de Automobilismo poderá designar outro Comisario / Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.

9.9.- Entregaranse uns adhesivos transparentes e numerados (de cor Butano) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo Treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos Dereitos de Inscripción) para a súa participación na proba, do vehículo infractor.

9.10.- Seguimento e control dos Recoñecementos con GPS:

Os recoñecementos serán controlados polo GPS e tódolos equipos portarán obrigatoriamente un dispositivo GPS da empresa ANUBE ou TCR Datos Norte S.L, facilitado pola organización, para o control dos recoñecementos, que rexistrará posición, hora e velocidade cada segundo.

Os datos e información rexistrada por estes GPS da empresa ANUBE ou TCR Datos Norte S.L serán considerados como os DATOS OFICIAIS na proba e consideraranse válidos sendo INAPELABLES.

9.10.1.- O dispositivo GPS recollerase na entrega do libro de Ruta e deberán devolvelo o finalizar os recoñecementos, no lugar e hora estipulada pola organización.

9.10.2.- A empresa provedora, contratada polo organizador, ou o propio organizador, entregará a cada equipo o GPS aceso, conxuntamente cun cargador de chisqueiro (se por autonomía fose necesario) e as instrucións do mesmo. Ademais, fará a montaxe do mesmo se houberse un espazo facilitado polo organizador para iso. En caso contrario dará as explicacións oportunas para a súa montaxe. No suposto que o participante non teña o vehículo de recoñecemento no momento da entrega, este será responsable da súa instalación e perfecto funcionamento.

9.10.3.- Os aparellos receptores de GPS deberán estar fixados (por medio de Velcro) ao parabrisas dianteiro na súa parte interior e poderán ser precintados pola FGA ou polo organizador. **Unha vez fixado ao parabrisas dianteiro, o dispositivo GPS, non se poderá quitar do interior do vehículo ata o final dos recoñecementos, BAIXO PENA DE SANCIÓN segundo o regulamento.**

9.10.4.- É obrigatorio que o GPS estea acendido durante todo o tempo de recoñecementos.

En dispositivos con pouca autonomía, é conveniente que o GPS estea conectado constantemente ó chisqueiro do vehículo para garantir que non se apague en ningún momento.



9.10.5.- O equipo será responsable en todo momento do bo funcionamento do GPS durante os recoñecementos. E no caso de que houbera algunha anomalía deberá comunicalo inmediatamente á organización do rallye. De non facelo poderá ser sancionado.

9.10.6.- Os excesos de velocidade: Serán controlados e danse por válidas as medicións dos GPS da empresa ANUBE ou TCR Datos Norte S.L. Os excesos detectados polo sistema GPS serán sancionados polos Comisarios Deportivos de acordo co establecido na Regulamentación.

9.10.7.- Serán de aplicación as Penalizacións e Sancións, en virtude do estipulado no Regulamento Particular da proba e Anuario da FGA 2022:

Infracción	Sanción
73.- Infracción ó Código de Circulación: 1ª infracción. (Art. do C.D.I.)	300 Euros
74.- Infracción ó Código de Circulación: 2ª Infracción	5 MINUTOS
75.- Infracción ó Código de Circulación: 3ª Infracción	EXCLUSIÓN
729.- Circular en sentido inverso ó da marcha nun treito cronometrado.	1ª Infracción: 1 minuto, ou cunha sanción económica de 300 Euros
754.- Superar a velocidade Máxima Permitida nos treitos de 80Quilómetros/h	2ª Infracción: "NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA"
754.- Os recoñecementos en rallyes quedan limitados a un máximo de tres pasadas por treito.	3ª Infracción: Traslado ó Tribunal Galego de Apelación
Non levar o GPS dentro do vehículo segundo artigo 9.10.3	"NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA"
Detectar un GPS apagado durante os recoñecementos do equipo.	"NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA"
Non entregar o GPS ó finalizar os recoñecementos	"NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA" mais unha sanción económica de 1.000 Euros a pagar ao Organizador
Entregar en mal estado o GPS	Sanción económica de 1.000 Euros a pagar ao Organizador

9.10.8.- A finalización de cada xornada de recoñecementos, a empresa ANUBE ou TCR Datos Norte S.L. elaborará un informe das infraccións cometidas, que se lle dará traslado o Colexio de Comisarios Deportivos da proba para que actúen en consecuencia.

Artigo 10 Hora Oficial do Rallye

Durante o transcurso do Rallye, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web www.time.is.

Artigo 11 Penalizacións

As penalizacións son as previstas no Regulamento Tipo Xeral de Rallyes de Asfalto da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2022.



Artigo 12 Premios

Os premios e Trofeos que se entregarán serán aos 6 primeiros da Xeral (Piloto e Copiloto) e ós primeiros de cada Agrupación (Piloto e Copiloto) da seguinte forma:

COEFICIENTE 7

CLASIFICACIÓN XERAL SCRATCH		AGRUPACIÓNS (1, 2, 3, 4 e 5)	
1º	1.600,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)	1º	250,00 €uros e Trofeo
2º	1.200,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)	2º	130,00 €uros
3º	900,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)	3º	100,00 €uros
4º	700,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)		
5º	425,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)		
6º	375,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)		
		TOTAL PREMIOS	
		7.600,00 €uros	

Trofeos Escudería Luintra:

- 1º Clasificado Escudería Luintra
- Trofeo Roberto Soto (1º Piloto Ourense)

Para recibir o premio acadado (tanto o metálico, como o trofeo), será indispensable a presenza na entrega de premios do piloto ou representante. No caso contrario, enténdese que se renuncia a eles, quedando en propiedade da organización.

D. Ismael Iglesias Searas, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, con número DC1-1066-GA-AUT, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da Proba á Federación Galega de Automobilismo.

En Nogueira de Ramuín a 20 de Xullo de 2022

Director da Proba
D. Alejandro Jano Paradela
D.N.I. 44458840R
Lic. DC1-0666-GA-EST

Xefe Seguridade Vial
D. Carlos Iglesias Seara
D.N.I. 44465761E
Lic. DC1-1065-GA-AUT

Entidade: Escudería Luintra
D. Ismael Iglesias Seara (Presidente)
C.I.F.: G32414146
Lic. DC1-1066-GA-AUT

PROGRAMA-HORARIO DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	16/09/2022	09:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en: LOCALSOCIAL LUINTRA
2ª	16/09/2022	16:00	
3ª	17/09/2022	21:00	



ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

1.- Amparándonos no artigo 27.2 do noso Estatuto de Autonomía, onde Galicia ten a competencia en materia de deporte en **"exclusiva"**, por acordo de Xunta Directiva e Comisión Delegada, de data 1 de Outubro de 2020, e refrendo da Asemblea, emitírase **"LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS"** que habilitarán para participar en probas Autonómicas de Galicia.

A Federación Galega de Automobilismo entende que é posible a convivencia de ambas licenzas (**LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA E LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL**) a vista do declarado polo Tribunal Constitucional en sentenza 32/2018 do 18 de abril de 2018. Asimesmo en apoio desta tese, o Xulgado Central do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, ditou sentenza do 22 de Setembro de 2020 nos autos de recurso contencioso administrativo 13/2019 na que estimando a demanda interposta polo Presidente da Federación Galega de Piragüismo fronte a resolución do 8 de marzo de 2019 do "Tribunal Administrativo do Deporte" declara a nulidade da mesma e condena as demandadas, "Tribunal Administrativo do Deporte" (do C.S.D.) e "Real Federación Española de Piragüismo" a pasar pola devandita declaración. Déixase polo tanto sen efecto as sancións, económica e de inhabilitación, que se lle impuxeron ao Presidente da Federación Galega de Piragüismo por emitir **"LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS"** nas tempadas de 2015, 2016, 2017 e de 2018.

Na resolución ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, polo que os licenciados de Galicia lles interesa razoase que:

Como resultado das alegacións das partes a F.G. de P. só ingresou a R.F.E. de P. a parte correspondente a mesma das **"LICENZAS AUTONÓMICAS ÚNICAS-ESTATAIS"** tramitadas na Galicia, e non así as da parte das **"LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS"**, por entender que **coexisten estes dous tipos de licenzas, e que non procede neste último caso.**

O Tribunal Constitucional na súa sentenza de pleno, número 33/2018, de 12 de Abril do 2018, recurso de inconstitucionalidade número 3447/2015, apreciou a inconstitucionalidade do que se denomina efecto "transversal" ou "horizontal" da **"LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL"**, non o "vertical" o que impide declarar a nulidade do precepto impugnado no seu conxunto, o artigo 23 da Lei 15/2014, de 16 de setembro, da racionalización do sector público, polo que se modificou o apartado 4 do artigo 32, da Lei 10/1990 do Deporte, realizando no seu lugar unha interpretación do mesmo conforme á Constitución (FJ 3º Letra F).

Trátase dunha resolución xudicial que xunto á xa mencionada do Tribunal Constitucional supón devolver ás Federacións Autonómicas de Galicia as "competencias exclusivas" de que foron privadas coa modificación do artigo 32.4 da Lei 10/1990 do Deporte.

.- Ademais nun momento como o presente no que as dificultades para o **"deporte de base"** víronse agravadas pola pandemia do Covid-19 supón unha conquista para o Deporte Autonómico de Galicia xa que suporá abaratar custos (o 90% só participan en probas autonómicas de Galicia) ós deportistas que unicamente queren participar en probas autonómicas e poderán obter unha **"LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA"** cun custo inferior.

A decisión tomouse para beneficiar economicamente os licenciados autonómicos, que participarán con **"Licenza Autonómica Galicia-Exclusiva"** en probas autonómicas (non estatais) co conseguinte abaratamento.

2.- A vista de que varias federacións non existen para a obtención de licenza de piloto ser titular dun permiso de condución como modo de verificar que o condutor ten os requisitos de capacidade, coñecementos, e habilidade necesarios para a condución dun vehículo, que establece o artigo 61 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, a **Federación Galega de Automobilismo non permite a participación de pilotos que non estean en posesión dun permiso de condución, expedido pola D.G.T. ou organismo equivalente doutro país, para poder conducir un vehículo de competición en vía pública**, con ou sen proba deportiva, aínda que estean en posesión dunha licenza federativa. Os maiores de 16 anos e menores de 18 anos só poden participar, estando en posesión de licenza federativa de piloto, en circuitos pechados (circuitos de velocidade, circuitos de autocross, ou circuitos de karting).

3.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), **implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo"**, a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venda, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

4.- Para garantir a responsabilidade a que houbese lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delegada aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2020, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e demais eventos a celebrar en Galicia: A.- **Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licenza do membro que faga as labores de asistencia. B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante na mesma proba.** C.- Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licenza da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.

5.- **Tódolos Campionatos, Supercampionatos, e Copas de Galicia, a partir da tempada 2022 inclusive, serán considerados "OPEN"; agás a PXP 23 Junior, as Fórmulas de Promoción, e para participar e puntuar nestas, só se poderá coas Licenzas Autonómicas de Galicia Exclusivas.**

6.- Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na tempada 2022, sexan considerados "Open".

7.- Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", **non serán expedidas nen admitidas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, nen forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", os permisos de participación (ER, COR, PPP, PPC, PPK)**, posto que son permisos que outorgan dereitos restrinxidos ou limitados a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", e por tanto incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia que establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das **"Licenzas Autonómicas de Galicia-Exclusivas"**, no seu apartado terceiro, que no seu caso, estas outorgarán, ao seu titular a condición de membro da Federación Galega de Automobilismo, **que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación Galega de Automobilismo, con dereito a voto, e ser elixible nos procesos electorais da Federación Galega de Automobilismo.** As Licenzas Autonómicas Únicas Estatais, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na Federación Galega de Automobilismo.

8.- A Licenza que da **dereito a voto**, e ser elixible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo" e a **"Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva"**. A **"Licenza Autonómica Única-Estatal"** non da ningún dereito a voto, nin outorga a condición de elixible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo".

9.- Poderase participar e puntuar, sen ningún tipo de discriminación, en tódolos Campionatos de Galicia de Automobilismo coa **"Licenza Autonómica Única-Estatal"** e coa **"Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva"**.

10.- Se calquera licenciado autonómico quixera ampliar a súa licenza a Autonómica Única-Estatal terá que aboar , a maiores, o 25% que se lle ten que aboar a **"Real Federación Española de Automobilismo"** mais quince euros de gastos de tramitación, impresión, envío por mensaxería, e notificación de alta no arquivo da **"Real Federación Española de Automobilismo"**.

11.- **Convivencia da "Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva" e da "Licenza Autonómica Única-Estatal" para a tempada de 2022 e vindeiras.**



ANEXO II

LIBRO DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD - CONDICIONS OBRIGATORIAS

- 1.- O sentido de lectura será de arriba cara abaixo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- Ao principio do libro de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (polo menos en dous idiomas en probas internacionais).
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta quilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior de cada páxina deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o quilometraxe e eventualmente os controis de paso.
- 6.- Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha liña horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
- 8.- As informacións moi próximas, é dicir, con distancia inferior a 100 m, non serán separadas entre si.
- 9.- Toda información que non poida ser facilmente identificable dende a estrada deberá aparecer entre parénteses.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicaráse con precisión a localización dos controis.
- 11.- Os sinais de tráfico reproducidos deberán corresponder ó seu emprazamento exacto sobre a ruta.
- 12.- Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer escuadrados, e si hai un cambio de dirección, coa frecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controis deberá ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comezará nunha páxina nova.
- 15.- Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recadro ou tramado).
- 16.- En cada debuxo, o punto de orixe situarase na parte inferior.
- 17.- Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con signos de exclamación.
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
- 20.- Autorízase un máximo de seis debuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser facilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
- 22.- No Road-Book, os puntos de radio deberán estar sinalados polo seguinte signo:
- 23.- A saída e a chegada deberá estar sinalizada con latitude e lonxitude.

SUXERENCIAS:

- 1.- Indicar a velocidade media dos Treitos de Enlace.
 - 2.- Indicar nos Treitos Cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do Rallye.
 - 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (exemplo panel de entrada a un casco urbano).
 - 4.- Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un dobre trazo de liña vertical.
- Tódolos puntos que non se describen, se deixan a liberdade do Organizador.



MODELO DE FOLLA DO ROAD-BOOK



SECCIÓN:	1	C.H.S.	7	DISTANCIA:	32,90 Km.
		TRAMO B-1 DESGUACES GIL		TEMPO A EMPREGAR:	43'
SECTOR:	5	C.H.LL.	8	PROMEDIO:	45,90 Km/h
		REAGRUPAMIENTO "A CANUDA"			

DISTANCIA		DIRECCIÓN	INFORMACIÓNS	Kms. Próximo C.H.
TOTAL	PARCIAL			
			LOCAL	
8,45	0,55	16	3,53	24,35
			LOCAL	
10,30	1,85	17	1,68	22,50
			LOCAL	
11,98	1,68	18	0,00	20,82
			LOCAL	
12,10	0,12	19		
			C.STOP TC-B1	
12,20	0,10	20	CONTROL STOP TC-B1	
			PROMEDIO: 47,54 Km/h TEMPO: 26'	20,60
			!!!	PAX: 39

PASAR A PAXINA CON RAPIDEZ PROXIMA REFERENCIA A MENOS DE 100 m



ANEXO III

TERMINOLOXIA

Sector de enlace

Itinerario comprendido entre dous controles horarios sucesivos.

Sección

Conxunto de sectores de enlace comprendidos:

- entre a saída dunha Etapa e o primeiro reagrupamento.
- entre dous reagrupamentos sucesivos.
- entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do Rallye.

Etapa

Cada unha das partes do Rallye separadas por unha parada de polo menos oito horas, ou por unha parada polo menos igual á duración do recorrido efectuado, si este é inferior a sete horas.

Neutralización

Tempo durante o cal os equipos son parados pola organización, por calquera razón.

Reagrupamento

Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.

Parque De custodia

Zona na que ningunha reparación nin intervención é posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos Internacionais e polo Regulamento particular da proba.

Complemento

Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a este último.

Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións.

Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario.

Os Complementos deben estar numerados e datados. Os Concursantes ou Membros dos equipos deben acusar recibo mediante sinatura.

Carné de Control

Carné destinado a recoller os visados dos diferentes controis establecidos no itinerario.

Este Carné debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un Carné de control distinto para cada unha das seccións.

Treito Cronometrado

Proba de velocidade en estrada, pechada ao tráfico normal.



ANEXO IV

ENCARGADO/A DAS RELACIONS COS CONCURSANTES

MISIONS PRINCIPAIS

Informar aos concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir ás reunións do Colexio de Comisarios Deportivos coa fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas.

A persoa nomeada para as Relacións cos Concurantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por iso e conveniente:

- 1) Que leve unha identificación rechamante (peto reflectinte de cor laranxa preferentemente).
- 2) Ser presentado/a a ós concursantes durante un briefing ou comunicado con foto.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono no Regulamento particular, ou nun Complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENZA DO MESMO DURANTE O DESENROLO DA PROBA

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o/a encargado/a das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do Meeting
- A Saída da Proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque De custodia cando a chegada do Rallye

Función

- Dar aos que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se expoñan.
- Dar todas as informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenvolvemento da proba.

Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións (ex. Precisar as dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O/A encargado/a das relacións cos concursantes, abstérase de utilizar palabras mal soantes ou dar opinións que poidan suscitar polémica.



ANEXO V.- SEGURIDADE

PROTOCOLO DE SEGURIDADE

NOS RALLYES APROBADOS POLA F.G. DE A.

- [Artigo 1º:](#) INTRODUCCIÓN
- [Artigo 2º:](#) PROCEDEMENTO PARA A REALIZACIÓN DE UN PLAN DE SEGURIDADE E EMERXENCIAS
- [Artigo 3º:](#) RESPONSABILIDADE DOS OFICIAIS
- [Artigo 4º:](#) CARAVANA DE SEGURIDADE
- [Artigo 5º:](#) PREPARACIÓN DO TREITO CRONOMETRADO
- [Artigo 6º:](#) MEDIOS PARA CADA TREITO CRONOMETRADO
- [Artigo 7º:](#) MONTAXE DE COMUNICACIÓNS E SEGUIMENTO G.P.S.

[Artigo 1º: INTRODUCCIÓN](#)

A Federación Galega de Automobilismo, regula por medio deste protocolo, os procedementos de seguridade para as probas que forman parte do Campionato de Galicia de Rallyes.

O que a continuación se expón entenderase de obrigado cumprimento por razóns de seguridade para os organizadores das probas de ditos campiónatos.

[Artigo 2º: PROCEDEMENTO PARA A REALIZACIÓN DE UN PLAN DE SEGURIDADE E EMERXENCIAS](#)

[2.1- PRESENTACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE](#)

Todo Comité Organizador que solicite a FGA un permiso de organización para a realización dunha proba deportiva, deberá enviar no prazo máximo de 60 días antes da realización da mesma, o correspondente Regulamento Particular da proba e **CONXUNTAMENTE**, o PLAN de SEGURIDADE E EMERXENCIAS, o cal abreviaremos a partir de agora como Plan de Seguridade, que deberá cumprir os artigos establecidos en este protocolo de seguridade.

[2.2- APARTADOS DO PLAN DE SEGURIDADE](#)

O PLAN DE SEGURIDADE deberá incluír como mínimo, os seguintes puntos que a continuación se indican;

A.- PROGRAMA HORARIO DA PROBA

B.- UBICACIÓNS DA PROBA: Indicarase como mínimo as seguintes:

- .- Oficina Permanente
- .- Verificacións administrativas: Hora e lugar
- .- Verificacións técnicas: Hora e lugar
- .- Saída da Proba: Hora e lugar
- .- Parque de Traballo: Indicarase ubicación, con mapa e situación da entrada e saída
- .- Parque de Custodia: Indicarase ubicación, con mapa e situación da entrada e saída
- .- Fin da Proba: Hora e lugar
- .- Entrega de Trofeos: Hora e lugar

C.- CADRO HORARIO DOS TREITOS

D.- CADRO HORARIO DOS VEHÍCULOS DA CARAVANA DE SEGURIDADE, identificandoo número de vehículos así como o persoal licenciado o efecto

E.- ITINERARIO HORARIO, completo con detalle dos sectores de enlace

F.- PLANO XERAL DA PROBA (mapa das verificacións, cerimonia, parques estreitos cronometrados)

G.- CADRO DE OFICIAS, indicando Nome, Cargo e Número de Licenza. (Publicarase na semana anterior a proba na web da FGA)



H.- AVISOS SANITARIOS; Deberán incluírse.

- Plan de traballo dos Servizos Médicos dos Vehículos R
- Carta de Alerta dos Hospitais Públicos, selada por Rexistro de dito Hospital, que este relacionado co recorrido da proba.
- Carta de Alerta a AXEGA, selada por Rexistro de dita Axencia.
- Carta de Alerta ó CENTRO DE COORDINACIÓN 061, selado por Rexistro.
- Certificado de contratación das Ambulancias que prestaran servizo na proba, selado por o responsable da empresa contratada.
- Información dos Bombeiros, ou Protección Civil que prestara servizo de contraincendios e Rescate na proba.
- Servizo de Guindastres.

En caso de imposibilidade de indicar no momento da realización do Plan de Seguridade, dos números de teléfono de contactos que se solicitan, o Organizador deberá facer chegar a todos os responsables dos medios de seguridade e emerxencias da proba, así como os Xefes de Treito, Xefes de Seguridade de Treito e membros da Caravana de Seguridade, dita relación de entidades, nomes e teléfonos.

I.- PLAN DE SEGURIDADE PARA CADA TREITO CRONOMETRADO, no cal deberán figurar os oficiais clave, os servizos de emerxencia do treito, os números de teléfono, etc, ademais de un mapa detallado do treito. Este punto especificarase con detalle neste mesmo documento mais adiante noutro artigo concreto.

J.- PERCORRIDOS DE EVACUACIÓN, onde se especifique e indique, o recorrido a realizar por os medios de emerxencias cando teñan que trasladar a un ferido dende o treito cronometrado ata o Hospital ou PAC de referencia. Especificaranse tanto dende Saída, Punto Medio e Meta, e ademais indicarse un tempo aproximado de chegada dende o punto de evacuación ata o centro asistencial, a fin de facilitar a labor o director de carreira de si decidir neutralizar ou non o treito seguinte por falla de tempo.

Aparte destes percorridos, recoméndase que se poida mencionar dentro de cada treito, e sinalalo no mesmo, unha posible zona de aterraxe dun Helicóptero Médico.

L.- TODOS OS PUNTOS ANTERIORMENTE INDICADOS PODRÁN SER MODIFICADOS A POSTERIORI DA ENTREGA, MEDIANTE COMPLEMENTOS QUE TERÁN QUE SER APROBADOS POLA FGA.

Este plan de Seguridade sufrirá unha revisión por parte do Delegado de Seguridade, que poderá recomendar modificacións e variacións por motivo de Seguridade, e comprobará o día da proba que se cumpre todo o que nel se especifica.

Artigo 3º: RESPONSABILIDADE DOS OFICIAIS

3.1- DIRECTOR DE CARREIRA

O director de carreira e o responsable de que o evento se desenrole de maneira segura, tomando todas as decisións e medidas necesarias para elo, apoiándose no persoal competente que lle asista na redacción e implementación do plan de seguridade. Dado o caso, é responsable de aplicar o plan da maneira mas práctica que sexa posible.

Tamén é responsable de informar ó colexio de Comisarios Deportivos sobre todos os temas urxentes e sempre en colaboración co Xefe de Seguridade.

3.2- XEFE DE SEGURIDADE

- Participa na elaboración do plan de seguridade.
- Estará en contacto en todo momento co Equipo de Montaxe da Seguridade dos Treitos, e comprobará que estes cumpran o plan de Seguridade.
- Xunto co Director de Carreira e o comité Organizador, designa os oficiais para a Caravana de Seguridade.
- Xunto co Director de Carreira e o Xefe de Treito, designa os oficiais de seguridade para a saída, chegada, e os puntos necesarios no treito.
- En colaboración con cada Xefe de Seguridade de Treito, prepara un planing onde se indican os puntos de encontro e situación das Ambulancias, Bombeiros, Equipos de Rescate, Cronometradores, Comisarios de Radio e Comisarios de Seguridade.
- Antes do inicio da proba, asegurarse de que todo o persoal este debidamente formado e teña clara as responsabilidades que teñen asignadas.
- O día da proba, comprobará que todos os vehículos de seguridade e o persoal auxiliar esta debidamente situados, e debe asegurar que todos os dispositivos médicos e de Rescate estean ubicados correctamente.

3.3- XEFE DE TREITO

- Deberá redactar unha listaxe de necesidades do treito cronometrado, así como do material e do persoal que precise.
- Encargarase de coordinar a todos os medios e persoal que colaboren no seu treito, facilitándolles as ubicacións, materiais e medios.



- Deberá encargarse da correcta colocación das pancartas e sinais dos Controis, así como do correcto montaxe e ubicación dos sistemas de cronometraxe.
- Estará en contacto directo en todo momento co Director de Carreira, e non tomará ningunha decisión sen que este lla autorice ou ordene.
- Durante o treito, non se moverá da Saída.

3.4- XEFE DE SEGURIDADE DE TREITO

- Deberá informarse o antes posible sobre o treito cronometrado que lle fose asignado para conecelo en detalle. Este implica recorrer o treito cronometrado antes da proba para ser coñecedor do mesmo, dos puntos conflitivos, dos posibles problemas, dos percorridos de evacuación, etc...
- Xunto co Xefe de Seguridade, designará os comisarios de seguridade que colaborarán con el no control do Treito.
- Será responsable de comunicarse co Xefe de Seguridade co fin de implementar as zonas de Prohibido e Autorizado Público.
- Estará en contacto constante co Xefe de Treito e cos comisarios de Radio e Seguridade do treito
- En contacto co Responsable de Comunicación do Treito, informará os puntos de Radio do paso de vehículos
- Un dos principais problemas que temos o preparar un treito cronometrado e asegurarnos que todo este correctamente montado antes da chegada do público. Non ten sentido preparar un tramo despois da chegada deste, xa que será difícil desprazalos as zonas correctas de ubicación.
- A programación do treito debe establecer unha hora na que o Xefe de Seguridade do Treito o recorra para comprobar que todo estea en orden, e se fose necesario, informar os comisarios de Seguridade, Ruta e Radio de calquera información adicional.

3.5- COMISARIOS DE RUTA E SEGURIDADE

- Estarán posicionados o longo do Treito.
- Dependén do Xefe de Seguridade de Treito
- Recibirán a formación adecuada para a súa función
- Estarán equipados con silbato co fin de manter o público alonxado das zonas prohibidas o público e informarles do paso dos vehículos.
- Deberán levar chalecos de identificación que os identifique.

TODO O PERSOAL QUE ACTUE NA PROBA DEBERÁ LEVAR CHALECO IDENTIFICATIVO

Artigo 4º: CARAVANA DE SEGURIDADE

4.1- DEBERES DOS VEHÍCULOS DA CARAVANA DE SEGURIDADE

Os vehículos da caravana de seguridade percorreren os treitos cronometrados antes do paso dos vehículos de competición, co fin de comprobar a correcta preparación e montaxe da seguridade do treito, dos controis e do posicionamento do público.

Os vehículos de seguridade deberán circular co treito pechado ó tráfico, este non implica que os vehículos dos equipos de montaxe, comisarios, etc, circulen polo treito para asegurar a seguridade de público e participantes antes do peche do mesmo.

Recomendase pre-encintar e pre-señalizar os treitos con antelación, para que unha vez cerrado o tráfico poder realizar o encintado definitivo o antes posible e sen producir atrasos a proba.

Hai que recordar que un vehículo fora de control pode recorrer unha distancia moi longa. E importante asegurarse de que o público este suficientemente alonxado dos puntos perigosos, e sobretudo en lugares elevados.

O vehículo 0 deberá portar carnet de control para asegurar que todos os cronometradores se familiaricen co mesmo e co uso do sistema de cronometraxe.



FORMATO TIPO CUADRO HORARIO DE CARAVANA DE SEGURIDADE:

	XEFE SEGURIDADE TREITO	"CINTAS"	"MEGAFONIA"	ADJUNTO SEGURIDAD VIAL	OBSERVADOR "F.G.A."	G.C. TRAFICO	DELEGADO SEGURIDADE F.G.A.	SEGURIDAD VIAL	DIRECTOR DE CARRERA	PRIMER PARTICIPANTE
1ª ETAPA – VENRES 09 AGOSTO										
SALIDA		18.00	18.05	18.15	18.20		18.25	18.40	18.45	18.50
PARQUE CERRADO		18.00	18.15	18.25	18.35		18.45	18.55	19.05	19.10
S-S. SAN LAZARO 1	18.00	18.15	18.25	18.35	18.40		18.45	18.55	19.05	19.10
BONAVAL CARS	18.00	18.15	18.25	18.35	18.40		18.45	18.55	19.05	19.10
SALIDA		18.50	19.55	20.00	20.05		20.15	20.25	20.40	20.45
REAGRUPAMENTO		18.50	19.55	20.00	20.05		20.15	20.25	20.40	20.45
S-S. SAN LAZARO 2		20.00	20.10	20.20			20.35	20.48	20.58	21.03
BONAVAL CARS		20.00	20.10	20.20			20.35	20.48	20.58	21.03
2ª ETAPA – SABADO 10 AGOSTO										
SALIDA		06.55	07.05	07.15	07.20		07.30	07.40	07.50	08.00
PARQUE PECHADO		06.55	07.05	07.15	07.20		07.30	07.40	07.50	08.00
TRAMO "A-1"	07.23	07.28	07.38	07.48	07.53	07.58	08.03	08.13	08.23	08.33
"COMUCA S.L."	07.23	07.28	07.38	07.48	07.53	07.58	08.03	08.13	08.23	08.33
TRAMO "B-1"	08.01	08.06	08.16	08.26	08.31	08.36	08.41	08.51	09.01	09.11
"DEC. RODRIGUEZ"	08.01	08.06	08.16	08.26	08.31	08.36	08.41	08.51	09.01	09.11
TRAMO "C-1"	08.29	08.34	08.44	08.54	08.59	09.04	09.09	09.19	09.29	09.39
"COMUCA S.L."	08.29	08.34	08.44	08.54	08.59	09.04	09.09	09.19	09.29	09.39
SALIDA		11.25	11.35	11.45	11.50		12.00	12.10	12.20	12.30
PARQUE TRABALLO		11.25	11.35	11.45	11.50		12.00	12.10	12.20	12.30
TRAMO "A-2"	11.53	11.58	12.08	12.18	12.23	12.28	12.33	12.43	12.53	13.03
"COMUCA S.L."	11.53	11.58	12.08	12.18	12.23	12.28	12.33	12.43	12.53	13.03
TRAMO "B-2"	12.31	12.36	12.46	12.56	13.01	13.06	13.11	13.21	13.31	13.41
"DEC. RODRIGUEZ"	12.31	12.36	12.46	12.56	13.01	13.06	13.11	13.21	13.31	13.41
TRAMO "C-2"	12.59	13.04	13.14	13.24	13.29	13.34	13.39	13.49	13.59	14.09
"COMUCA S.L."	12.59	13.04	13.14	13.24	13.29	13.34	13.39	13.49	13.59	14.09
SALIDA		15..55	16.05	16.15	16.20		16.30	16.40	16.50	17.00
PARQUE TRABALLO		15..55	16.05	16.15	16.20		16.30	16.40	16.50	17.00
TRAMO "A-3"	16.23	16.28	16.38	16.48	16.53	16.58	17.03	17.13	17.23	17.33
"COMUCA S.L."	16.23	16.28	16.38	16.48	16.53	16.58	17.03	17.13	17.23	17.33
TRAMO "B-3"	17.01	17.06	17.16	17.26	17.31	17.36	17.41	17.51	18.01	18.11
"DEC. RODRIGUEZ"	17.01	17.06	17.16	17.26	17.31	17.36	17.41	17.51	18.01	18.11
TRAMO "C-3"	17.29	17.34	17.44	17.54	17.59	18.04	18.09	18.19	18.19	18.39
"COMUCA S.L."	17.29	17.34	17.44	17.54	17.59	18.04	18.09	18.19	18.19	18.39



4.2- RESUMO DE FUNCIÓNS, MATERIAIS E VEHICULOS DA CARAVANA



Composición da caravana de seguridade

CINTAS 70'	Vehículo Cintas A instancias do xefe de seguridade reparará e mellorará posibles peches mal realizados ou rotos, realizará o peche de camiños e estradas e corruxará a ubicación de vehículos mal estacionados. Irá provisto de material para montar as Z.E.P. (cintas, prismas, carteis, estacas, martelos, sepiolita, escobóns, extintores, etc). Recomendase o organizador que este vehículo sea unha furgoneta.
XEFE DE SEGURIDADE DE TREITO 60'	Vehículo Xefe de Seguridade Treito A misión do vehículo "Xefe Seguridade Treito" será a de controlar e comprobar o correcto montaxe dos peches de camiños e ou estradas previstos no plan de seguridade. Irán provisto de cintas, carteis estacas, sepiolita, escobóns, planillas, bolígrafos, pilas, etc...
MEGAFONÍA 55'	Vehículo Megafonía A súa misión básica e informar o público de que a estrada está pechada o tráfico, recomendará o público as mellores zonas para situarse e irá dando consellos de seguridade. Da mesma maneira irá comprobando o Plan de Seguridade e corruxando algunha deficiencia que os anteriores vehículos non puidesen subsanar.
SEGURIDADE 45'	Vehículo de Seguridade Comprobará o correcto montaxe do Plan de Seguridade; puntos de peche, forzas da orde pública, coches R, ambulancias, bombeiros, grúas, coches de radio, así como o correcto montaxe dos peches de camiños e zonas de público. O igual que os vehículos anteriores prestará especial atención na situación do público. Así mesmo dará instrucións os oficiais dos treitos, corruxando todas aquelas dúbidas que estes poidan ter. Irán provisto de material de reserva (pantecartas, reloxos, planillas, bolígrafos, pilas, sepiolita, estingas, etc)
OBSERVADOR DA FGA 40'	Observador FGA O observador da FGA verificará todas as medidas técnicas e de montaxe dos controis dos treitos cronometrados. O paso de este vehículo polo treito queda a criterio do propio observador.
GUARDIA CIVIL DE TRÁFICO 35'	Guardia Civil de Tráfico Verificará o correcto montaxe dos peches de carreiteira, o libre tránsito polas vías de evacuación e a correcta colocación do público. Comprobará tamén a ubicación do resto de FFCCSS do estado no treito cronometrado.
ADXUNTO DE SEGURIDADE 35'	Vehículo Adxunto de Seguridade Comprobará o correcto montaxe do Plan de Seguridade; puntos de peche, forzas da orde pública, coches R, ambulancias, bombeiros, grúas, coches de radio, así como o correcto montaxe dos peches de camiños e zonas de público. O igual que os vehículos anteriores prestará especial atención na situación do público. Así mesmo dará instrucións os oficiais dos treitos, corruxando todas aquelas dúbidas que estes poidan ter. Irán provisto de material de reserva (Cintas, sepiolita, escobóns, carteis, etc)
DELEGADO DA FGA 30'	Delegado de Seguridade da FGA Revisará o correcto montaxe do Plan de Seguridade, a ubicación dos medios na saída do treito cronometrado, a correcta ubicación das emisoras e irá velando pola correcta ubicación do público en zonas habilitadas para tal fin. Corruxará a ubicación do público mal situado informando os vehículos que o preceden para que comproben a reubicación do público. Terá plena potestade para atrasar o inicio de un treito e poderá recomendar a dirección de carreira a anulación de un treito se considera que este non cumpre a suficiente seguridade (esta decisión quedará sempre en mans do xefe de seguridade, director de carreira 0 e director de carreira en oficina).
XEFE SEGURIDADE VIAL 20'	Xefe Seguridade Vial Será o máximo responsable de seguridade da proba. Verificará todo o percorrido do rali; Treitos cronometrados, enlaces e parques. Comprobará a correcta ubicación do público, corruxando e prestando especial atención as derradeiras deficiencias que o delegado houbera observado. Será un persoa da máxima confianza da organización, con ampla experiencia e criterio en materias de seguridade, xa que terá plena potestade para aconsellar e decidir a suspensión dun treito cronometrado.
"0" DIRECTOR DE CARREIRA 10'	Director de carreira "0" Avisa os espectadores da inminente saída do primeiro participante. Será un vehículo rápido conducido por un piloto experto, con experiencia en materia de seguridade. Controlarase o seu paso por todos os C. H. de treitos e parques xa que irá provisto de carne de control. Dará a última verificación do correcto montaxe do treito cronometrado a dirección de carreira autorizando o inicio do mesmo.
	Vehículos de competición
"00" ESCOBA	Vehículo Escoba Ninguén se poderá mover por o treito antes do paso de este vehículo. O seu paso producirase despois da saída do último participante. Irá recollendo as tiras de tempos e planillas dos distintos controis horarios, os carnés de control dos distintos vehículos que abandonen a proba e informando a dirección de carreira de se estes últimos molestan ou precisan de grúa para dar comezo a seguinte pasada do treito.



Artigo 5º: PREPARACIÓN DO TREITO CRONOMETRADO

5.1- CARTEIS ANUNCIATIVOS DE CORTES DE ESTRADA

Dende alomenos 15 días naturais antes da proba, e comprobando a semana e días anteriores a mesma, que continúan estando COLOCADOS E VISIBLES, deberanse FIXAR nas estradas onde se desenrole o treito cronometrado, e nos accesos e vías de evacuación do mesmo, **carteis anunciativos do corte da estrada prevista**, especificando os horarios estimados de peche o tráfico rodado da estrada, co fin de que o resto de condutores da mesma teñan coñecemento de elo e non lles xenere un problema, nin inconviniente á realización do treito.

5.2- CRITERIOS PARA AS ZONAS DE PÚBLICO E ZONAS PROHIBIDAS

Ó revisar un treito cronometrado é necesario identificar as partes do treito que presentes riscos superiores o que se podería considerar normal.

Trataríase de puntos como:

- Cambios de rasante e/ou saltos.
- Curvas moi cerradas.
- Cruces de estradas.
- Escapatorias **(Recomendase non utilizar valla metálica, xa que no caso de golpeala pode saír lanzada cara os espectadores).**

- Camiños ou sendas que accedan o treito, por onde unha vez pechado este o tráfico poidan acceder vehículos axenos a proba. (bicicletas, motos, quads, coches, tractores).

(Recoméndase non utilizar valla metálica, xa que no caso de golpeala pode saír despedida cara os espectadores).

- Dobre cambio de sentido. (Curvas en S).
- Curva de media velocidade despois de unha zona moi rápida.

E ademais de todas estas, existen outras moitas zonas que a hora da realización do montaxe de seguridade requirirán especial atención.

Unha vez identificados todos estes puntos, e necesario determinar as necesidades específicas que deberán terse en conta no plan de Seguridade:

- Inclusión de escapatorias. **(Recoméndase non utilizar valla metálica, xa que no caso de golpeala pode saír despedida cara os espectadores).**
- Identificación das zonas elevadas nas que o público se poida ubicar con seguridade.
- Cruces de estradas e camiños que accedan o treito. **(Recomendase non utilizar valla metálica, xa que no caso de golpeala pode saír despedida cara os espectadores).**
- Identificación das zonas PROHIBIDAS ó PÚBLICO.

Unha vez estudado todo o treito e identificados os puntos que requiren de especial atención en termos de seguridade, deberemos indicar no PLAN DE SEGURIDADE, cada punto de control de seguridade indicando os seguintes datos:

- Fotografía e Ubicación do peche de Estrada na Saída e na Meta
- Unha breve descrición do punto e dos riscos existentes.
- Orde do punto dentro do treito.
- Distancia do punto a Saída do treito
- Os medios materiais e humanos que se disporán no punto. (Cintas, carteis, Comisarios de ruta, de radio)

5.3- CATEGORIAS DE ZONA

CATEGORIA 1

As zonas de pouco risco poden xestionarse simplemente coa colocación de cintas ou carteis que identifiquen os puntos a partir dos cales o público non ten permitido o paso, ou en caso de ser necesario se impida o acceso de persoas ou mesmo vehículos. Ademais en caso necesario disporase de comisarios debidamente identificados e formados

CATEGORIA 2

Son zonas de risco medio, nas que é necesario ter comisarios para colaborar na ubicación do público. En estas zonas deberan colocarse cintas de zona prohibida o público así como carteis de perigo, e se é necesario dispor de escapatorias.

CATEGORIA 3 – ZONAS ESPECIAIS

Son as zonas de máis risco, importantes cambios de dirección, curvas en S, Saltos ou Rasantes, etc.

Todas as zonas especiais deberán identificarse como zonas prohibidas, exceptuando as zonas elevadas habilitadas para o fin da ubicación correcta do público. En todas estas zonas de risco 3 deberá haber un numero de comisarios acorde a cantidade de público que podía haber.



CATEGORIA 4 – ZONAS ESPECTACULO

Dende a FGA e a Comisión de Seguridade recoméndase os organizadores que promoban ZONAS ESPECTACULO para o público. Estas zonas estarían dotadas de:

- Aparcamento para os afeccionados, en eles se podería cobrar unha colaboración
- Habilitar zonas seguras para os espectadores con boa visibilidade, elevadas e sen risco
- Instalación de Food Trucks

Con este preténdese concentrar a maior parte dos afeccionados nunha zona que o organizador lle interese, e evitarnos que en zonas de risco se concentre público que cree un posible conflito.

5.4- UTILIZACIÓN DO ENCINTADO


CINTA VERMELLA- ZONA PROHIBIDA O PÚBLICO

A cinta vermella deberá colocarse solo e exclusivamente en zonas prohibidas, nunca se encintará con color vermello o peche dun camiño ou acceso o treito, a non ser que nel non poida situarse o público.

O ideal sería realizar un primeiro encintado delimitando a zona prohibida, e outro encintado con cinta amarela, posterior o primeiro, e deixando un pasillo de seguridade e prohibición entre ambas dúas.

Por definición deberá encintarse con cinta vermella sempre:

- Todas as curvas pronunciadas, especialmente na traxectoria exterior das mesmas, e dependendo do caso tamen na parte interior.
- Os Gardarraís e petrís das estradas.
- As zonas anteriores e posteriores a un rasante ou salto.
- As zonas de controis de cronometraxe
- Todas aquelas zonas, que a hora de realizar a montaxe, o esixan.





CINTA AMARELA – ZONA AUTORIZADA O PÚBLICO

Deberá ser utilizada soamente naquelas zonas elevadas, seguras e sen risco para o público.



CINTA DE ESTRADA PECHADA POR PROBA DEPORTIVA

Deberase encintar con esta cinta, todos aqueles camiños, sendas e estradas laterais o treito e que dean acceso o mesmo, e ademais en case de ser necesario reforzalo con Carteis Horarios de Peche de Estrada. (Recomendase non utilizar valla metálica, xa que en caso de golpeala pode saír despedida cara os espectadores)

Artigo 6º: MEDIOS PARA CADA TREITO CRONOMETRADO

En cada un dos treitos cronometrados, deberase de contar cos seguintes medios:

Saída:

- 1 Ambulancia SVB con 2 TES.
- Recomendase a presenza de 1 SVB no parque de traballo dos Rallyes.
- 1 Ambulancia SVA con 1 TES. (Recomendase que esta Ambulancia veña equipada a maiores con un 2º Médico, así en caso de ser necesario trasladar debido a un accidente, non sería necesario neutralizar o treito.)
- 1 Vehículo R do Team Medical, con Médico, DUE e Piloto Rescatador
- 2 guindastres para o remolque de participantes dentro do treito.
- 1 Dotación de Bombeiros ou Protección Civil, dotados con CAMIÓN ou VEHÍCULO TIPO PICKUP, equipados con:
 - Equipo Contraincendios
 - Equipo de limpeza de estradas
 - Equipo de excarceración. (Este punto é moi recomendable, debido a que en caso de actuación apoiarían o Vehículo R prestando rapidez e axilidade)
 - Vehículo de Xefe de Seguridade de Treito, dotado con luces e sereas, e equipado con comunicación co Xefe de Treito, levará sepiolita, extintor, escobón, cintas de reposto e unha eslinga de remolque.
 - Vehículo de comunicacións, equipado con emisora co Xefe de Seguridade do Treito e mais con Dirección de carreira.
 - Comisarios necesarios para o correcto desenrolo.

TREITO:

- Comisarios de Radio, ubicados o longo do treito, con táboa de control de paso e rede de transmisión co vehículo de comunicacións do treito.
- Comisarios de Ruta para a correcta seguridade do público.

CONTROL STOP:

- Comisarios necesarios para o correcto desenrolo do control.
- Vehículo de comunicacións, equipado con emisora para transmitir información a saída.
- Extintor, escobón e sepiolita.



Artigo 7º: MONTAXE DE COMUNICACIÓNS E SEGUIMENTO G.P.S.

Os organizadores das probas do Campionato de Galicia de Rallyes terán a obrigación de contratar os servizos das empresas TCR DATOS NORTE SL e de ANUBE.

SEGURIDADE OBRIGATORIA PARA RALLYES: Os organizadores que non contraten os servizos de "TCR Datos Norte" e "Anube", e recoméndase os servizos da empresa "Varela Events" para facelos montaxes de seguridade, peche de treitos, e recollida das medidas de seguridade e residuos dos siareiros para a celebración do seu rallye, baixarán a coeficiente 6 para a seguinte tempada, coa correspondente merma das subvencións a pactar coas Institucións. Ó ser un tema de seguridade extrema darase traslado do incumprimento ó Tribunal Galego de Apelación, da Federación Galega de Automobilismo, podendo chegar a pedir responsabilidades persoais a todo o Comité Organizador, e prohibir o calendamento da proba na tempada seguinte.

Estas empresas serán as encargadas de:

- TCR DATOS NORTE SL: Serán os encargados de suministrar os equipos de montaxe da sala de dirección de carreira, pantallas de tempos, equipos de comunicación, radio-enlaces e emisoras que se usarán entre os vehículos da caravana de seguridade, os treitos cronometrados e a sala base. O día da proba prestarán cobertura con varios técnicos que estarán a disposición da organización.

- ANUBE: Serán os encargados de suministrar os equipos de seguimento G.P.S. tanto para os recoñecementos como para o propio día da carreira. Unha vez finalizado os recoñecementos emitirán un informe o comité organizador que será trasladado ao Colexio de Comisarios Deportivos para o seu estudo de posibles sancións. Así mesmo o día da proba prestarán cobertura e servizo de montaxe e substitución dos equipos, así como emitirán informe dos equipos se os comisarios deportivos así o esixen.

ANEXO VI

ITINERARIO HORARIO

VENRES 16/09/2022								
SECTOR	C.H.	LOCALIZACION	KM TC	KM ENLACE	KM TOTAL	TIEMPO A INVERTIR	MEDIA KM/H	PASO Nº1
PRIMEIRA ETAPA								
1ª SECCION								
1	1	PARQUE MIXTO						18:00
	2	C.H. de Chegada TCA1		22,91	22,91	0:50	27,59	18:50
2	3	SAIDA TCA1 CASTRO DE BEIRO	5,12			0:03		18:53
	4	C.H. Chegada PARQUE MIXTO		36,43	41,55	1:00	41,55	19:53
TOTAL VENRES			5,12	59,34	64,45			
SABADO 17/09/2022								
SECTOR	C.H.	LOCALIZACION	KM TC	KM ENLACE	KM TOTAL	TIEMPO A INVERTIR	MEDIA KM/H	PASO Nº1
SEGUNDA ETAPA								
2ª SECCION								
3	5	C.H. Saída Parque Mixto						8:00
	6	C.H. de Chegada TCB1		24,65	24,65	0:30	49,30	8:30
4	7	SAIDA TCB1 Maceda-Baldrei	10,96			0:03		8:33
	8	C.H. de Chegada TCC1		25,44	36,40	0:45	48,53	9:18
5	9	SAIDA TCC1 A Tapada-Luintra	12,00			0:03		9:21
	10	C.H. de Chegada Reagrupamento 1		1,40	13,40	0:20	40,2	9:41
3ª SECCION								
6	11	C.H. de Saída Reagrupamento 1				0:35		10:16
	12	C.H. de Chegada Asistencia A		1,68	1,68	0:05	20,2	10:21
7	13	C.H. Saída Asistencia A				1:10		11:31
	14	C.H. de Chegada TCB2		24,65	24,65	0:30	49,3	12:01
8	15	SAIDA TCB2 Maceda-Baldrei	10,96			0:03		12:04
	16	C.H. de Chegada a TCC2		25,44	36,40	0:45	48,53	12:49
9	17	SAIDA TCC2 A Tapada-Luintra	12,00			0:03		12:52
	18	C.H. de Chegada a Reagrupamento 2		1,40	13,40	0:20	40,2	13:12
4ª SECCION								
10	19	C.H. de Saída Reagrupamento 2				1:00		14:12
	20	C.H. de Chegada Asistencia B		1,00	1,00	0:05	12,0	14:17
11	21	C.H. de Saída de Asistencia B				2:00		16:17
	22	C.H. de Chegada TCD1		8,13	8,13	0:12	40,7	16:29
12	23	SAIDA TCD1 Castro-Lobaces	9,79			0:03		16:32
	24	C.H. de Chegada a TCE1		21,60	31,39	0:40	47,1	17:12
13	25	SAIDA TCE1 Melias-Luintra	9,59			0:03		17:15
	26	C.H. de Chegada Reagrupamento 3		0,36	9,95	0:15	39,8	17:30
5ª SECCION								
14	27	C.H. de Saída Reagrupamento 3				0:35		18:05
	28	C.H. de Chegada Asistencia C		1,00	1,00	0:05	12,0	18:10
15	29	C.H. de Saída Asistencia C				1:10		19:20
	30	C.H. de Chegada TCD2		8,13	8,13	0:15	32,5	19:35
16	31	SAIDA TCD2 Castro-Lobaces	9,79			0:03		19:38
	32	C.H. de Chegada a TCE2		21,60	31,39	0:40	47,1	20:18
17	33	SAIDA TCE2 Melias-Luintra	9,59			0:03		20:21
	34	C.H. Parque Pechado		1,09	10,68	0:15	42,7	20:36
TOTAL SABADO			84,7	167,57	252,25			
TOTAL RALLYE			89,80	226,91	316,70			



ANEXO VII

PARQUES DE CUSTODIA E DE TRABALLO

Artigo 12.- PARQUE DE CUSTODIA, E DE TRABALLO. (o resto da normativa atopase no artigo 12 das prescricións comúns dos Campionatos e copas de Galicia).

Ampliación normativa. Parque de custodia e Parques de Traballo. Comisión Executiva da "Federación Galega de Automobilismo" amplía o artigo 12, das prescricións comúns do anuario 2022 e vindeiros, obrigando a unir o parque de custodia co Parque de Traballo, sendo este aberto durante toda a celebración da proba á excepción do de fin de rallye que se considera parque de custodia. Deste xeito facilitáanse reparacións oportunas que necesiten tódolos equipos participantes o que redundará nunha maior finalización dos equipos nas probas. Prohíbese os parques cerrados, tal como se interpretan con regulamentación F.I.A. a excepción do de final do Rallye, admitíndose concentracións dos vehículos de Rallye, por tempo limitado, en centros comerciais ou prazas municipais que reporten algunha contrapartida económica aos Comités Organizadores; antes ou despois da celebración do Rallye, nunca durante a celebración do evento deportivo, sendo responsables da custodia do seu vehículo cada un dos participantes no P.T.

A) Obrígase a unificalos parque de custodia cos parques de traballo.

B) Os controis horarios, de chegada e de saída, estarán situados antes e despois do novo parque de traballo ou de custodia.

C) Os vehículos participantes serán custodiados polas súas asistencias correspondentes, nos lugares designados no parque pola organización (lugar e metros cadrados), así como polos comisarios de parque, debidamente licenzados, designados pola organización do rallye

D) Áos participantes e as súas asistencias poderáselle comunicar en complementos ao efecto (ou no propio regulamento particular), as horas útiles de traballo e as horas de parque de custodia nas que non se pode arranxar nin modificar o vehículo, so pena de EXCLUSIÓN.

E) Recoméndase a implantación dun "hospitality", barras complementarias de servizo, e escenario de concertos para música indie, rock, e acto da entrega de premios.

F) Os seareiros poderán andar polo novo parque de traballo, coas limitacións das lonas das asistencias, ca pertinente precaución e sen entorpecer o transcurso do rallye, e intercambiar opinións cos equipos participantes, solicitarlles sinaturas en fotografías que terá cada equipo, cos seus esponsors nas cartulinas cos equipos disporán ó efecto.

G) O xefe de parque e os comisarios velarán polo cumprimento estrito dos complementos, publicados polo colexio de Comisarios Deportivos, no eido dos tempos de asistencias permitidas e tempos parque de custodia.

Se un organizador tivera un plantexamento diferente, da regulamentación explícita, por algún tipo de interese publicitario poderá solicitar á F.G. de A. a excepcionalidade da instalación do parque de custodia.

Si un equipo tivera que sacar un vehículo en concreto, do parque de custodia, este terá que solicitalo por escrito o Colexio de Comisarios Deportivos, debidamente razoado, e os Comisarios Deportivos autorizarán a súa marcha ó parque de traballo sen aplicarlle ningún tipo de penalización. O vehículo en cuestión teráselle que dar unha hora de incorporación o parque de custodia ou de traballo segundo o caso.

Os vehículos de existir parque de custodia a noite do venres ó sábado, obrigatoriamente ó inicio do rallye os vehículos terán que ir do parque de custodia o parque de traballo e darlle tempo suficiente para cambios de pneumáticos.

7.- REPOSTAXES (Refuelling)

As repostaxes teranse que facer nos parques de traballo, e nas estacións de servizo, ubicadas no percorrido do rallye, e terán que estar indicadas no libro de ruta (Road Book).

7.1.- No parque de traballo no momento do repostaxe deberanse cumprir as seguintes condicións:

- Afastar os fumadores.
- Repostar o vehículo co motor parado.
- Se os membros do equipo están no interior do vehículo, deberán ter os cinturóns de seguridade desabrochados.

-Excepto nos vehículos que teñen prevista unha toma de presión para a repostaxe, este deberá levarse a cabo por gravidade ou bombas manuais, para o que recomendase a utilización de bidóns de repostaxe según normas FIA provistos de acoplamentos estancos y respiradoiros. En calquera caso, a capacidade dos bidóns de repostaxe queda limitada a 25 litros. Se o bidón está elevado por encima do chan, en ningún caso o nivel de reserva de carburante no bidón poderá estar a unha altura superior a 3 metros durante toda a operación.

7.2.- Nas estacións de servizo, so está autorizado repostar directamente dos surtidores comerciais nas seguintes condicións:

- A única operación autorizada é o repostaxe de combustible.
- A repostaxe terase que realizar sen axuda exterior, agás dos empregados da propia estación de servizo.

7.3.- O organizador poderá prever no regulamento particular da proba unha "zona de repostaxe" habilitada para esta operación, na que se deberán tomar as mesmas medidas de seguridade anteriormente descritas así como a supervisión da operación por parte dunha unidade de bombeiros.

8.- PNEUMÁTICOS

8.1.- Os pneumáticos a empregar deben estar de acordo coa regulamentación F.I.A. para rallyes, estando autorizados os pneumáticos "slicks raiados". Os vehículos de categoría GT autorízaseles a montaxe de pneumáticos raiados polo fabricante, ou polo distribuidor autorizado.



- 8.2.-** Están autorizados a levar no vehículo un máximo de 6 pneumáticos por vehículo entre Parques de Traballo.
- 8.3.-** Na saída dun P.T. marcaranse tódolos pneumáticos colocados no vehículo (incluso os de reposto). Na chegada do próximo P.T., o vehículo deberá levar unicamente os pneumáticos marcados no P.T. anterior.
- 8.4.-** Para facilitar a marcaxe dos pneumáticos, deberase dispor un espazo acoutado inmediatamente despois do C.H. de saída do parque de Traballo, (ver croques explicativo de montaxe Nº1). Coa única finalidade de axudar no procedemento de marcaxe, un membro do equipo poderá ter acceso a este espazo. Para esta operación a Organización está obrigada a dar un suplemento de 5 minutos extra no sector de que se trate, e así mesmo indicalo no Itinerario-Horario da proba.
- 8.5.-** O tallado dos pneumáticos está autorizado exclusivamente nos P.T.
- 8.6.-** Os cambios de pneumáticos realizaranse unicamente nos P.T. Fora dos mesmos, soamente os membros do equipo poderán realizarlos cos medios de a bordo pero respectando sempre o disposto no apartado 8.2.
- 8.7.-** Si se celebra unha cerimonia de saída o venres os pneumáticos a utilizar serán libres (respectando o resto de normativa do presente artigo) e sempre e cando non se dispute ningún treito cronometrado tras esta cerimonia.
- 8.8.-** Está autorizado o uso de quentadores de pneumáticos, soamente dentro dos P.T.
- 8.9.-** Nas Copas de promoción, o modelo e número total de pneumáticos a empregar será o que estipulen nos regulamentos particulares das mesmas, non podendo superar o número máximo establecido no presente artigo.
- 8.10.-** O procedemento da marcaxe das rodas:
- Marcaranse as lamias coas pegatinas en PVC troqueladas segundo normativa FIA.
 - Poderase marcar adicionalmente os pneumáticos con rotuladores de diferentes cores.
 - Recoméndase un mínimo de tres comisarios para realizar a marcaxe.
- 8.11.-** Se na saída dun P.T. se atopase un pneumático non conforme, este deberase substituír por outro. O pneumático non conforme considerarase nulo e quedara en poder dos Comisarios Técnicos. O tempo concedido para o Sector do que se trate, non poderá ser ampliado.
- 8.12.-** O control da marcaxe dos pneumáticos realizarase entre o Control Horario precedente ó Treito Cronometrado e a saída de dito Treito, (ver croques explicativo de montaxe Nº2), e tamén nos C.H. de entrada ós P.T. poderase realizar una comprobación da marcaxe.
- 8.13.-** Toda infracción concernente á normativa dos pneumáticos, comprobada polos Oficiais da proba, entrañará unha penalización, podendo chegar a exclusión da proba.



ZONA DE MARCAXE

Preaviso C.H.LL.	C.H.LL. Entrada P.T.	Preaviso C.H.S.	C.H.S. Saída P.T.	Marcaxe de Pneumáticos	Fin de Zona de Control

CONTROL DE MARCAXE

Preaviso C.H.LL.	C.H.LL. Treito Crono.	Preaviso Control Marcaxe	Control de Marcaxe	C.H.S. Treito Crono.	Fin de Zona de Control



ANEXO VIII

CARAVANA RALLYES



Composición da caravana de seguridade

CINTAS 70'	Vehículo Cintas A instancias do xefe de seguridade reparará e mellorará posibles peches mal realizados ou rotos, realizará o peche de camiños e estradas e corraxirá a ubicación de vehículos mal estacionados. Irá provisto de material para montar as Z.E.P. (cintas, prismas, carteis, estacas, martelos, sepiolita, escobóns, extintores, etc). Recomendase o organizador que este vehículo sea unha furgoneta.
XEFE DE SEGURIDADE DE TREITO 60'	Vehículo Xefe de Seguridade Treito A misión do vehículo "Xefe Seguridade Treito" será a de controlar e comprobar o correcto montaxe dos peches de camiños e ou estradas previstos no plan de seguridade. Irá provisto de cintas, corteis estacas, sepiolita, escobóns, planillas, bolígrafos, pilas, etc...
MEGAFONÍA 55'	Vehículo Megafonía A súa misión básica é informar o público de que a estrada está pechada o tráfico, recomendará o público as mellores zonas para situarse e irá dando consellos de seguridade. Da mesma maneira irá comprobando o Plan de Seguridade e corrindo algunha deficiencia que os anteriores vehículos non puidesen subsanar.
SEGURIDADE 45'	Vehículo de Seguridade Comprobará o correcto montaxe do Plan de Seguridade: puntos de peche, forzas da orde pública, coches R, ambulancias, bombeiros, grúas, coches de radio, así como o correcto montaxe dos peches de camiños e zonas de público. O igual que os vehículos anteriores prestará especial atención na situación do público. Así mesmo dará instrucións os oficiais dos treitos, corrindo todas aquelas dúbidas que estes poidan ter. Irá provisto de material de reserva (pantecartas, reloxo, planillas, bolígrafos, pilas, sepiolita, estingas, etc)
OBSERVADOR DA FGA 40'	Observador FGA O observador da FGA verificará todas as medidas técnicas e de montaxe dos controis dos treitos cronometrados. O paso de este vehículo polo treito queda a criterio do propio observador.
GUARDIA CIVIL DE TRÁFICO 35'	Guardia Civil de Tráfico Verificará o correcto montaxe dos peches de carreteira, o libre tránsito polas vías de evacuación e a correcta colocación do público. Comprobará tamén a ubicación do resto de FFCCSS do estado no treito cronometrado.
ADXUNTO DE SEGURIDADE 35'	Vehículo Adxunto de Seguridade Comprobará o correcto montaxe do Plan de Seguridade: puntos de peche, forzas da orde pública, coches R, ambulancias, bombeiros, grúas, coches de radio, así como o correcto montaxe dos peches de camiños e zonas de público. O igual que os vehículos anteriores prestará especial atención na situación do público. Así mesmo dará instrucións os oficiais dos treitos, corrindo todas aquelas dúbidas que estes poidan ter. Irá provisto de material de reserva (Cintas, sepiolita, escobóns, carteis, etc)
DELEGADO DA FGA 30'	Delegado de Seguridade da FGA Revisará o correcto montaxe do Plan de Seguridade, a ubicación dos medios na saída do treito cronometrado, a correcta ubicación das emisoras e irá velando pola correcta ubicación do público en zonas habilitadas para tal fin. Corruxirá a ubicación do público mal situado informando os vehículos que o preceden para que comproben a reubicación do público. Terá plena potestade para atrasar o inicio de un treito e poderá recomendar a dirección de carreira a anulación de un treito se considera que este non cumpre a suficiente seguridade (esta decisión quedará sempre en mans do xefe de seguridade, director de carreira 0 e director de carreira en oficina).
XEFE SEGURIDADE VIAL 20'	Xefe Seguridade Vial Será o máximo responsable de seguridade da proba. Verificará todo o percorrido do rally: Treitos cronometrados, enlaces e parques. Comprobará a correcta ubicación do público, corrindo e prestando especial atención as derradeiras deficiencias que o delegado houbera observado. Será un persoa da máxima confianza da organización, con ampla experiencia e criterio en materias de seguridade, xa que terá plena potestade para aconsellar e decidir a suspensión dun treito cronometrado.
"0" DIRECTOR DE CARREIRA 10'	Director de carreira "0" Avisa os espectadores da inminente saída do primeiro participante. Será un vehículo rápido conducido por un piloto experto, con experiencia en materia de seguridade. Controlarase o seu paso por todos os C. H. de treitos e parques xa que irá provisto de carne de control. Dará a última verificación do correcto montaxe do treito cronometrado a dirección de carreira autorizando o inicio do mesmo.
"00" ESCOBA	Vehículos de competición Vehículo Escoba Ningún se poderá mover por o treito antes do paso de este vehículo. O seu paso producirase despois da saída do último participante. Irá recollendo as tiras de tempos e planillas dos distintos controis horarios, os carnés de control dos distintos vehículos que abandonen a proba e informando a dirección de carreira de se estes últimos molestan ou precisan de grúa para dar comezo a seguinte pasada do treito.

En tódolas probas a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:



ADVERTENCIA:

Ningún vehículo de competición poderá exercer as funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilizalos, a partir da tempada 2010 inclusive, así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana da proba terá que ter licenza de oficial OA para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos / Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, CD1ª-GA ou JOC1ª-GA, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, emitirase unha acta-informe que será entregada polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibí da entrega na copia.

ANEXO IX

OUVREURS

1.- Tódolos equipos que estean interesados en adquirir este privilexio terán que solicitalo por escrito á Comisión de Rallyes, da Federación Galega de Automobilismo, incluíndo:

- A.- Escrito, solicitude.
- B.- Vehículo de serie a utilizar, matrícula, modelo, seguro, etc.
- C.- Licenza de piloto, do condutor, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.
- D.- Licenza de copiloto, do acompañante, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.

2.- Os vehículos dos "ouvreur" teranse que inscribir en cada proba, cumprimentando o boletín que lles facilite a organización, no que deberán de figurar obrigatoriamente os datos do condutor e do seu acompañante, os cales deberán estar en posesión da licenza en vigor de piloto e copiloto, ademais dos datos completos do vehículo a empregar nesta tarefa. Estes vehículos débense asegurar ó igual que os vehículos participantes de rallye.

3.- A inscrición por vehículo "ouvreur" ascende a 350€+20€ GPS, total 370€.

4.- A inscrición terase que ingresar conxuntamente, coa do participante, ó organizador do rallye.

5.- Ningunha inscrición, de vehículo "ouvreur" será aceptada polo organizador sen incluía fotocopia - certificado de autorización da Secretaría da Federación Galega de Automobilismo.

6.- Cada "ouvreur" deberá pasar verificacións administrativas, o mesmo tempo que o seu vehículo participante.

7.- Os vehículos "ouvreur" portarán números iguais ós dos participantes, coa salvedade que en vez de números refrectantes serán letras do alfabeto correlativo, exemplo: A, B, C, D, E, F, G, H, etc. que irán colocados nas portas dianteiras do vehículo. A maiores poderase entregar unha identificación para Colocar na marxe superior esquerdo do parabrisas co texto "OUVREUR A N°"...

8.- As identificacións serán nominativas para cada concursante e intransferibles.

9.- A entrada dos vehículos "ouvreur" nos treitos cronometrados efectuarase, despois do paso do vehículo de megafonía e saíndo o 1º "ouvreur" 55 minutos antes da hora de saída teórica do primeiro participante.

10.- Os vehículos "ouvreur" circularán polo treito cronometrado ca debida precaución, tendo en conta que existe tráfico de outros vehículos da organización e espectadores que se despracen a pé.

11.- A súa velocidade, en consecuencia do anterior, será reducida e deberán circular en todo momento no sentido da marcha do Rallye e sen abandonar por ningún motivo o itinerario do mesmo.

12.- Se dentro do treito cronometrado son alcanzados por algún dos vehículos "O" da organización e si así se lles indica, deberán deterse inmediatamente, aparcar nun sitio seguro e non reanudar a súa marcha ata despois do paso do vehículo "OO - escoba" que abra de novo a circulación.

13.- No momento da retirada do equipo o que pertenza o "ouvreur", a súa placa de "ouvreur" queda automaticamente anulada e por tanto no está autorizado a seguir circulando polos treitos cronometrados despois do peche dos mesmos.

14.- Calquera incumprimento esta normativa por parte dos condutores dos vehículos "ouvreur", entrañará a retirada inmediata da súa identificación, ocasionando a exclusión na proba, do equipo correspondente.



ANEXO X

PODIO DE SAIDA OBRIGATORIO



Os rallyes da tempada 2022, e sucesivas, que puntúen para o “Supercampionato R5 2022”, terán que poñela publicidade (as lonas serán enviadas pola Federación Galega de Automobilismo), no Podio de Saída.

Para a tempada 2022 escolleranse tódolos rallyes do calendario da Federación Galega de Automobilismo, para o “Supercampionato R5 2022” e sucesivos.

Os Comités Organizadores (Rallyes) que non cumpran escrupulosamente o antedito non terán opción a pertencer ó Supercampionato da tempada seguinte.

Así mesmo e en cumprimento do convenio asinado polo Comité Organizador do Rallye, coa Secretaría Xeral para o Deporte, terase que poñer no Podio os logos da Secretaría Xeral para o Deporte, e do de Deporte Galego.



ANEXO XI

SISTEMA GPS DURANTE O TRANSCURSO DA PROBA

Durante o transcurso da proba, os vehículos de competición levarán instalado un sistema GPS das empresas ANUBE ou TCR Datos Norte, S.L., o cal será instalado nos vehículos de competición durante as Verificacións Técnicas. Este sistema GPS servirá de seguimento dos vehículos de competición, e servirá para alertar a Organización ós equipos de posibles incidencias ou bandeiras amarelas. Tamén servirá para que os Equipos soliciten axuda de emerxencia pulsando o SOS.

1.- Funcionamento:

- 1.1. O sistema deberá ter pulsador SOS.
- 1.2. O pulsador SOS, deberase usar UNICAMENTE en caso de EMERXENCIA.
- 1.3. Deberase manter pulsado (segundo se indique nas instrucións) no momento que o equipo participante sufra ou vexa algún accidente que precise de axuda médica ou se atope en situación de risco para a seguridade.
- 1.4. Nalgúns modelos de GPS empregados, ao apertar o pulsador, deberase activar automaticamente unha conexión por voz coa Dirección de Carreira.
- 1.5. En caso de ter que abandonar o vehículo con urxencia (por exemplo: incendio ou envorco) o GPS poderá ser extraído do vehículo e poderíase utilizar como un teléfono móbil.
- 1.6. Cando o Director de Carreira, ao seu exclusivo criterio, considere que a situación de emerxencia e risco finalizou, os GPS implicados serán desconectados e non transmitirán ningún sinal de alarma para non bloquear a canle.
- 1.7. O uso indebido do mesmo, ou a utilización para comunicar calquera outro motivo que non sexa axuda médica ou situación de risco para a seguridade, será comunicado inmediatamente aos Comisarios Deportivos.
- 1.8. A non utilización do sistema GPS por parte dun equipo, tras sufrir un accidente, rotura mecánica ou abandono da proba, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.

2.- Bandeira amarela electrónica:

- 2.1. Nesta proba puntuable para o Campionato de Galicia de Rallyes de Asfalto, será obrigatorio o uso dos dispositivos de GPS utilizados co sistema de bandeira amarela electrónica.
- 2.2. A pantalla que indique aos membros do equipo que se activou a bandeira amarela electrónica, deberá ser de leds de alta luminosidade. Poderá mostrarse a bandeira amarela electrónica por medio de pantalla a cor ou siglas de alta luminosidade. O provedor de servizos deberá entregar as instrucións de uso do código de bandeira amarela electrónica, xunto coas instrucións do dispositivo.
- 2.3. Unicamente poderase activar / desactivar a bandeira amarela electrónica dende Dirección de Carreira.
- 2.4. Unha vez sexa mostrada a bandeira amarela electrónica no dispositivo GPS, o equipo deberá pulsar o botón que, da conformidade á Dirección de Carreira, de que se verificou a mensaxe de activación da bandeira amarela electrónica. Non pulsar o botón de conformidade de que o equipo recibiu a bandeira amarela, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.
- 2.5. Unha vez mostrada a bandeira amarela electrónica, o equipo deberá cumprir o estipulado neste artigo do Regulamento Particular:

“Os Equipos aos que se mostre bandeira amarela tanto física como Electrónica, deberán reducir a súa velocidade de forma inmediata e seguir as instrucións dos Comisarios de Ruta e dos membros dos vehículos de seguridade cos que se atopen. A velocidade máxima que poderá alcanzar un equipo ao que se lle mostrou bandeira amarela dentro do tramo cronometrado, non poderá exceder de 80 quilómetros/ h. O Director de Carreira, poderá facer uso do sistema GPS para verificar que se cumpre esta normativa.”
Non respectar esta regra comportará unha penalización a criterio dos Comisarios Deportivos

3.- Entrega devolución do aparello GPS:

- 3.1. A entrega e devolución do dispositivo GPS realizarase no parque de custodia ao finalizar a proba, ao persoal das Empresas ANUBE ou TCR Datos Norte, S.L. ou a un membro da organización designado a tal efecto.



3.2. En caso de abandono na proba por avaria ou accidente, o equipo e o responsable de entregar o GPS na oficina da proba (Dirección de Carreira) lugar estipulado dentro do regulamento particular da proba, deberase entregar a maior brevidade posible, e sempre antes da finalización da proba.

3.3. A empresa provedora comprobará a súa correcta instalación e funcionamento.

3.4. O concursante que non devolva o dispositivo GPS, ou que ó devolvelo o faga en condicións defectuosas, será obxecto dunha multa de 1.000 €uros a pagar ó Organizador.

Este será o sistema de Alertas en caso dunha incidencia:



SOS

 + **Esc** 3 seg.

Solicitud de atención médica inmediata o vehículo que impide totalmente el paso de otros participantes.



OK ?

Desde dirección de carrera se solicita confirmación del estado actual de los participantes.



Pulsar el botón verde para indicar que no se requiere atención médica y el vehículo no obstaculiza el paso de otros participantes.



+ **Esc** 3 seg. Solicitud de SOS.



Precaución



3 seg.

Vehículo parado.

 *Muy atento, a la mínima duda de peligro reduce la velocidad.*



Bandera Amarilla (Yellow Flag)

Participante neutralizado.



Reduce la velocidad de forma inmediata a menos de 80 Km/h y sigue indicaciones de los Comisarios de Ruta. Prohibido adelantar.



Pulsar botón ESC para confirmar bandera electrónica.



Modelo Spica II

Las funciones del botón negro las realiza el botón verde.



Modelo Stella III

Las funciones del botón negro las realiza el botón verde, excepto el SOS:

SOS



3 seg.



ANEXO XII

“SUPER ESPECIAL”

1.- A “Super Especial” só poderá ser recoñecida dende as 12:00 h ata as 14:00h do día 16 de setembro de 2022.

Entregarase un croques detallado no que figurará o percorrido incluíndo chicanes, xiros, etc,

2.- A saída darase de minuto en minuto, (o nº 1 será o primeiro participante en tomar a saída).

3.- Si un vehículo participante comete un erro no percorrido atribuiráselle un dos tempos de entre os seis peor clasificados (a exclusivo criterio do Colexio de Comisarios Deportivos). (Considéranse erros no percorrido, non completalo integramente e no sentido do mesmo).

4.- Desprazar claramente pontóns, vallas, conos ou calquera outro elemento que delimite o percorrido estará penalizado con 10 segundos.

5.- Se un participante non consegue rematar o treito, ou non consegue facer o percorrido que vai desde o control horario de Saída do Rallye ata a Saída do Treito Super Especial, ditos vehículos poderán reparar a avaría no parque de Traballo e reengancharse á carreira, debendo solicitalo por escrito aos Comisarios deportivos. Outorgarase un dos tempos de entre os seis peor clasificados (a exclusivo criterio do Colexio de Comisarios Deportivos). A reparación deberase levar a cabo no Parque de custodia-Traballo da noite do venres ó sábado e non terá ningún tipo de penalización engadida.

6.- Os participantes dos supostos descritos nos puntos 5 e 6 deste anexo, deberán presentarse no control de saída do Parque de custodia-Traballo as 07:30 horas onde serán verificados novamente polos Comisarios Técnicos.



ANEXO XIV:
"DECLARACIÓN DE PNEUMÁTICOS"

☐ MODELO DECLARACIÓN DE PNEUMÁTICOS PARA SUPERCAMPIONATOS (R5 e N5) E COPAS DE PROMOCIÓN

Nº DE PARTICIPANTE

PLACA DA PROBA

DECLARACIÓN DE PNEUMÁTICOS

PROBA _____

RALLYES TIPO "A"

TREITO ESPECTÁCULO VERNES	
SECCIÓN 1	
SECCIÓN 2	
SECCIÓN 3	

RALLYES TIPO "B"

TREITO ESPECTÁCULO VERNES	
SECCIÓN 1	
SECCIÓN 2	
SECCIÓN 3	

SECCIÓN 4	
SECCIÓN 5	
SECCIÓN 6	

Nota: Asinar cunha ☒ cada sección

Copiloto D. _____

Número de licenza ____ - ____ - ____ Vehículo Nº: _____

Declaro que os códigos de barras dos pneumáticos a empregar na sección indicada son:

	CÓDIGO DE BARRAS
Pneumático 1	
Pneumático 2	
Pneumático 3	
Pneumático 4	
Pneumático Reposto 5	
Pneumático Reposto 6	

E para que conste aos efectos oportunos asino o presente documento,

en _____ a, ____ de _____ do

VºBº Comisario Técnico

Licenza ____/____/____

Asdo:

Licenza ____/____/____

Hora recepción ____/____

Data: _____